

Xulio López Valcárcel, poeta xenuíno onde os ha-xa, narrador de voz ben singular e ensaísta de finísimo olfacto crítico, acaba de publicar na que é a súa casa dende hai anos, a editorial Espiral Maior, o volume *Confesión de parte*, subtítulado para máis sinais "Inventario de lecturas e poéticas".


O que neste libro ofrece López Valcárcel é nada máis e nada menos que unha escolma dalgúns dos seus mellores artigos sobre temas literarios galegos de entre os dados a coñecer dende fins dos anos oitenta ata onte mesmo. Como non podía ser doutra maneira, os temas tratados son moi dispares e van dende a escrita memorística da educación sentimental e lectora primeira ("Anos de aprendizaxe") ata a reflexión teórica sobre a (in)existencia da nosa literatura ("Existe unha literatura galega?"), pasando pola autoanálise poética e emotiva ("Vivencia da casa"), a prospección na obra persoana ("Mestre Caeiro"), a consideración dende a distancia temporal da contribución realizada polo colectivo Cravo Fondo ("Cravo Fondo trinta anos despois"), a experiencia tradutora ("Unha antoloxía de poesía mapuche") ou o balance da actualidade poética de noso ("Poesía galega, 2009").

Ao meu ver, é evidente o interese que cada un destes traballos amosa, mais se tivese que espigar

Lecturas confesas

Con continente e contido

ARMANDO REQUEIXO



entre aqueles nos que quedaría con aqueles nos que é a crónica do vivido é maior: "Anos de aprendizaxe" e "Cravo fondo trinta anos despois". O primeiro por ser un documento

fundamental para comprender, en toda a súa extensión, a nacementa da súa carreira como escritor e, tamén si, as estreitas relacións que naquel Lugo tan particular de finais dos anos sesenta e primeiros setenta mantivo López Valcárcel con outros creadores hoxe consolidados no noso panorama literario, como Xesús Rábade Paredes, Fiz Vergara Vilariño, seu irmán Xesús Manuel Valcárcel, Claudio Rodríguez Fer ou Ramiro Fonte, entre outros. O segundo porque explica, por quen a viviu como coprotagonista, a nacementa de Cravo Fondo, aquel grupo de mocidade que dinamizou e insuflou nova vida á poesía luguesa e galega dos atoutiñantes comezos da Democracia.

Prosa exquisita para saborearmos, liñas tras liña, ata o colofón

De máis que recomendable lectura, esta *Confesión de parte* de Xulio López Valcárcel é antoloxía da que moito pode aprenderse, pois nela ao interesante dos contidos cómpre sumar o valioso do continente, prosa exquisita que presta saborear liña a liña ata o colofón, o que, desafortunadamente, non pode afirmarse de tantos libros. *LÓPEZ VALCÁRCEL, X., Confesión de parte, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2010, PVP 12 €*